

PODERÁS PERDOARME ALGUN DÍA?

[Marielle Heller, 2019]

490

ESTREA EN NUMAX: 22.02.2019 | V.O.S.E. | +16

Can You Ever Forgive Me? (2019, 136')

Dirección: Marielle Heller

Guión: Nicole Holofcener, Jeff Whitty (Memorias: Lee Israel)

Elenco: Melissa McCarthy, Richard E. Grant, Julie Ann Emery, Jane Curtin, Anna Deavere Smith, Marc Evan Jackson, Dolly Wells, Christian Navarro, Alice Kremelberg, Shae D'Lyn, Michael Cyril Creighton, Brandon Scott Jones, Tim Cummings, Pun Bandhu, Joanna Adler, Marcus Choi

Son: Mark Amicucci

Montaxe: Anne McCabe

Música: Nate Heller

Dirección de arte: Marci Mudd

Vestuario: Arjun Bhasin

Fotografía: Brandon Trost

Produtora: Fox Searchlight

Distribuidora: Twentieth Century Fox España

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 2019 (Nomeada a mellor actriz — Melissa McCarthy—, actor de reparto — Richard E. Grant—, e guión adaptado), Globos de Ouro 2019 (Mellor actriz de drama —Melissa McCarthy— e actor de reparto)

FILMOGRAFÍA

Diario de una adolescente, 2015

SINOPSE

Segue a historia de Lee Israel, unha respectada biógrafa en decadencia que comeza a falsificar cartas de escritores e celebridades falecidas co fin de pagar o aluguer. Cando as falsificacións empezan a levantar sospeitas, Israel rouba e vende as verdadeiras cartas dos arquivos sen saber que o FBI está investigando o asunto.

«Xurde dun entendemento e un amor no que poucos biopics se somerxen, algo que fai que sexa un pracer coñecer a este difícil personaxe»

Mónica Castillo ROGEREBERT.COM



PODERÁS PERDOARME ALGUN DÍA?

[Marielle Heller, 2019]

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“Lee é simplemente a tipa máis lista alí onde estea”

Entrevista a Marielle Heller

Por Adam Rathe

Sabías da existencia de Lee Israel antes de comezar a facer o filme? O proxecto tiña xa vida propia antes de chegar eu. Os filmes requiren dun pequeno milagre para facerse. Eu estaba, despois de rematar o meu primeiro filme, *Diario de una adolescente*, pensando en como darlle continuidade e decidindo que clase de directora quería ser eu. Despois Anne Carey tróuxome este proxecto. Tiña amigos en común con Nicole Holofcener e encantábame o traballo de Anne, a quen respecto moito, e cando me dixo que había posibilidades de que Melissa McCarthy se unise ao filme pareceume que era unha boa oportunidade para traballar con mulleres interesantes e intelixentes, así que inmediatamente me animei. Lin a historia e atopeina fascinante, así como o personaxe de Lee, que me apelou de moitos xeitos.

Non gusta a todo o mundo. Que foi o que te atraeu dela? Que non pide desculpas, é dunha clase de mulleres que non adoitamos a ver nos filmes. Preocúpase da súa intelixencia máis que da súa aparencia e non lle interesa nada

do que supostamente lle está asignado ao seu xénero, simplemente ela é sempre a tipa máis lista alí onde estea.

Aínda que este é un filme sobre unha persoa tamén o é sobre un tempo -un tempo no que escritoras como Lee podían vivir aínda en Manhattan, ou cando non había xeito de demostrar a orixinalidade das cousas, como por exemplo unha carta falsificada. En moitos sentidos, Lee está fóra da súa época. Síntese coma se tivese que ter sido contemporánea de Dorothy Parker e vivir unha vida moi literaria, pero en vez diso está no Nova York dos noventa. Estivemos xogando con moitas épocas porque Lee non iña arraigo coa súa pero aínda así tratamos de recrear ese tempo en concreto.

Botaches man dun elenco que puidesen facer de personaxes repugnantes e criminais, e que á vez fosen adorábeis. Como equilibraches esta balanza? A moitas persoas nos gusta ver personaxes en pantalla que din e fan cousas que nunca faríamos na vida real. O único xeito de facer que un personaxe como este, tan complexo, quede ben nun filme é que realmente lle teñas cariño. Afortunadamente, Melissa e eu vimos a Lee de xeito parecido e as dúas lle tiñamos cariño. Si, ten as súas particularidades, se cadra non a queres ter de veciña, pero é fascinante ver ata onde é capaz de chegar e que pasou na súa vida para chegar a este punto.

Poderíanse dicir moitas cousas sobre o papel de Melissa neste filme. É máis

escura que na maior parte das súas comedias. Melissa é unha actriz incríbel, a xente que a coñece sabe que non ten nada que ver cos personaxes das súas comedias, e tampouco con este. Ela e Lee son distintas, Melissa é un sol e Lee sostén o peso do mundo enteiro sobre os seus ombros, pero foi un pracer ver a Melissa encarnando a Lee.

Lee ten algúns puntos incríbeis. Onde reside o que máis che impresionou dela? Veño do mundo do teatro e sei o ben que escribe Noel Coward. Ten unha voz propia, e foi un dos escritores con máis enxeño que houbo, póño a altura de Shakespeare, é imposíbel de imitar. Lee non só o imitou con éxito durante anos, senón que dúas das súas cartas formaron parte da súa colección de cartas, e iso anos despois de descubri-la! Aínda se pensaba que esas dúas cartas eran del, e non foi ata que xa ían a editalas por segunda vez que descubriron o asunto. Pensei que isto era delicioso. Demostra o incríbel talento dela, e proba que noutro tempo, ou se ela tivera sabido aproveitar as súas fortalezas, podería ser unha das nosas meirandes escritoras.

Nalgún momento pensaches que era difícil de crer que alguén fixera o que ela fixo? Investigando sobre Lee dinme conta de que non era doado ser falsificador. Fíxome decatarme do difícil que era e do extraordinariamente talentosa que era ela.

Publicado en townandcountrymag.com
Tradución: Olalla Cociña

NA LIBRARÍA NUMAX

Can You Ever Forgive Me? Lee Israel
Colgando de un hilo, Dorothy Parker. Lumen
Diario de una adolescente, Phoebe Gloeckner.
Reservoir Books

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

4€
Faite
NUMAX!

Abónat
agora e ven
sempre por